



Hai esperanza

Elvira Santos Pena¹

Voume atrever a compartir con todas e con todos vós esta sinxela e sincera achega ao número de *Encrucillada* dedicado á sinodalidade. E quero facelo coma sempre desde a miña propia experiencia, que é o que mellor coñezo e que ademais coincidirá seguramente con moitas das vosas experiencias.

Estamos vivindo na nosa Igrexa un momento especial que non sabemos moi ben en que vai acabar e onde nos vai levar. O que si sabemos de certo é que, se queremos ser a Igrexa dos seguidores de Xesús, ten que haber un cambio. Un cambio para nada superficial, nin tímido, seguramente máis lento do que queredamos, pero a «paciencia infinita» témola ben adestrada. O cambio debe afectar moitos aspectos da nosa Igrexa, e o camiño xa está iniciado. É o papa Francisco o que vai diante, desde que foi elixido, e vai marcando camiño, non sempre apoiado, non sempre acompañado, pero aí vai avanzando nunha misión difícil e moi comprometida.

Estiven, como moitos e moitas de vós, traballando os materiais do Sínodo «Por unha Igrexa Sinodal». Pola miña conta puxen todo o meu esforzo e incluso o meu entusiasmo en participar porque, cando me preguntan sobre algo tan importante na miña vida ata o punto que forma parte da miña identidade, a obriga é participar, facer ouvir a miña voz, escoitar aos outros e consensuar propostas positivas e ilusionantes.

¹ Elvira Santos Pena é membro do Consello de Encrucillada.

O papa convoca a todos, os que dicimos ser Igrexa, próximos e afastados, e tamén aos que non se identifican con ela pero desexan participar neste proceso. Quizais precise ter como apoio as voces do pobo de Deus en sentido amplo e aberto para seguir no camiño do cambio, porque esta convocatoria xa é un cambio.

Tamén estou traballando coas miñas compañeiras de Mulleres Cristiás Galegas Exeria os Eixos do «Sínodo das Mulleres» convocado por *Catholic Women's Council*. As mulleres temos unha situación na Igrexa tan «especial» por non usar outro cualificativo, que necesitamos reflexionar xuntas e chegar a acordos e presentar en Roma as nosas propostas que merecen e necesitan consideración e respostas.

Metida nestes procesos que dan para pensar e darlle voltas, estou recordando, trato de que sexa sen nostalxia, o momento posconciliar, tan rico, tan revoltoso, tan ilusionante, tan novidoso que trouxo un cambio, un cambio importante que tería podido ser moito máis radical se non fose polo freo que pisaron enseguida. Era o esperado nunha Igrexa tan resistente a dar pasos adiante, se iso supón abrir portas, cambiar as rutinas, perder poder, recoñecer erros, escoitar...

A miña fe, que vai renovándose e coído que crescendo segundo vou madurando como persoa, foise desenvolvendo na Igrexa, onde encontrei oportunidades para coñecer mellor o esencial deste tesouro, tamén distintas maneiras de interpretar, espazos novidosos onde descubro, en comunidade e para a miña vida, esa presenza do Deus agarimoso en quen son e existo que me invita a celebrar como sagrado cada momento que vivo, cada persoa coa que me encontro, cada agarimo que recibo, cada aperta que regalo, cada consolo que son capaz de dar ou de recibir, cada lágrima, cada risa... todo é sagrado, todo o envolve o Deus que nos mostrou Xesús.

Aínda que eu non sexa capaz de vivilo así como o descubro, sei que ese é o tesouro que trae a felicidade e iso aprendino na Igrexa, esta Igrexa que forma parte da miña identidade.

Non foi doado encontrar o camiño. Ser muller, e ademais laica, é unha dobre dificultade. Pensade que o chamado estamento laical case foi bautizado con nome propio no Concilio Vaticano II. A nós defíníase como o que non eramos, nin clérigos, nin consagrados, e ademais supoñíase que tiñamos que ser obedientes, silenciosas e acríticas. Foi un traballo duro, como tropezar contra un muro resistente a ceder a pesar de que as propostas partiran da mesma Igrexa. Tantas veces me sentín como outras e outros compañeiros tratada coma unha menor de idade pedindo permiso con coidado, sen respecto polo traballo feito, sen ser escoitada, con negativas absurdas sen argumentos que as xustificasen. E tantas veces vin abandonar a tarefa a persoas valiosas e comprometidas que estaban facendo tanto e tan bo. Non é posible seguir sendo obediente, silenciosa e acrítica nos tempos que corremos.

O laicado está hoxe máis adormecido ca nunca, nin sequera é xa un xigante. Entre outras causas, que tamén as hai, estamos recollendo o resultado do autoritarismo, do inmobilismo e da incapacidade de ver a realidade para poñerlle remedio. Iso, unido á indiferenza das xeracións máis novas que, salvo excepcións, non teñen o mínimo interese nos temas relixiosos, está rompendo a cadea de transmisión da fe. Non sei que nos deparará o futuro, pero négame a ser pesimista. O ser humano vai buscar sempre máis alá del mesmo porque leva dentro o impulso do mesmo Deus.

E hai signos de esperanza. O papa Francisco, o seu estilo e as súas reformas, o Sínodo convocado, a revolta das mulleres e o seu Sínodo e o traballo de tanta xentiña, laicos/as, clérigos, consagradas/os, todos Pobo de Deus, apóstolos que mostran a cara máis fiel da auténtica Igrexa sementando neste mundo tan necesitado de xustiza, compaixón e tenrura os valores que farán posible camiñar cara á grande Utopía do Reino de Deus.

Quérovos

Elvira Santos Pena